O pasado 10 de maio publicouse no BOE a Lei 9/2014, de Telecomunicacións, con entrada en vigor o 12 de maio de 2014.

Esta nova lei estatal supón unha **recentralización competencial en materia de telecomunicacións**, moi superior á extinta Lei 32/2003, e baleira completamente de contido as xa cativas competencias da Xunta que lle atribuíu a recentemente aprobada lei autonómica Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galiza, que queda así baleira de contido.

Esta nova lei estatal abonda na **liberalización das telecomunicacións** - a maior gloria e beneficio das operadoras privadas - grazas á supresión ou limitación de controis administrativos e de protección ambiental ou urbanística para a súa autorización, posta en servizo ou modificación, mesmo con carácter retroactivo.

A lei abre a porta á colocación de infraestruturas de telecomunicación onde e cando queiran as operadoras, tamén en espazos naturais protexidos ou en zonas históricas. As xa cativas competencias municipais e autonómicas en relación cos plans de despregamento e implantación das telecomunicacións quedan reducidas ao mínimo, sendo o goberno do Estado quen asume dita función de control.

Ante esta recentralización do Estado en materia de telecomunicación, as forzas políticas defensoras do municipalismo debemos reclamar a presentación inmediata de recurso de inconstitucionalidade contra a lei estatal, para garantir o mellor control democrático do despregamento das infraestruturas de telecomunicacións.

No que afecta ás competencias municipais, destacamos o seguinte:

- A nova lei estende xeneralizadamente a **execión de control preventivo municipal** (licenza de actividade ou de funcionamento), incluíndo novos supostos.

Na Lei 12/2012 xa se suprimía o trámite de licenza municipal previa, pero exceptuando de dita exención os casos que ocupasen unha superficie superior a 300 m² ou, tratándose de instalacións de nova construción, aqueles que tiveran impacto en espazos naturais protexidos, no patrimonio histórico-artístico ou no uso privativo e ocupación dos bens de dominio público. Coa nova lei, **substitúense as licenzas municipais por declaracións responsábeis** nos supostos de ter a operadora de telecomunicacións aprobado plan de despregamento, suprimindo as licenzas previas aínda que as actuacións afecten a Rede Natura ou ao patrimonio histórico e aínda que as actuacións ocupen máis de 300 m². Ademais, **as actualizacións tecnolóxicas nas instalacións en servizo (que non afecten aos mástiles) non**

requerirán autorización de ningún tipo. E ditos cambios teñen eficacia retroactiva, na medida en que as solicitudes en trámite poderán ser substituídas xa por declaracións responsables.

- **Limitábase extraordinariamente a potestade de instalación e explotación de redes polas administracións públicas,** xa que, ademáis de que é o Estado quen mediante Real Decreto fixará as condicións, a propia lei (art. 9) precisa que dita explotación se subordina ao “ principio de inversor privado” e sempre e cando nos distorsionen a competencia e non exista interese de concurrencia no sector privado. A subordinación do público (interese público xeral) ao privado deixa en papel mollado o art. 128 da Constitución.

- Se os concellos quixeran solicitar información ás operadoras deberán solicitalo previamente ao Estado (art. 10.2); forma de información que, por riba, será fixada por Real Decreto do estado (art. 34.4).

- O art. 34 da nova lei estatal limita a potestade dos instrumentos de planificación (plans ou ordenanzas), en tanto en canto *“non poderán establecer restricións absolutas ou desproporcionadas ao dereito de ocupación do dominio público e privado dos operadores nin impoñer solución tecnolóxicas concretas, itinerarios ou ubicacións concretas nos que instalar infraestructuras de rede de comunicacións electrónicas”*, disposición que excede do que ben fixando a Xurisprudencia ao respecto das competencias locais en materia do réxime de distancias das infraestruturas (por exemplo, antenas de telefonía) a zonas sensibles (colexios, hospitais, zonas verdes, centros históricos, etc), así como en relación coa potestade de fixación polas CC.AA de normas sobre os requisitos mínimos das instalación en relación coa competencia plena en materia de urbanismo e ordenación territorial. Así, **os municipios vén limitada a súa capacidade de ordenación de distancias das infraestructuras de telecomunicación en relación a espazos sensibles** (naturais, históricas, sociais).

Do mesmo xeito, o principio de sustentabilidade ambiental (e da correlativa obriga de empregar a máis eficiente tecnoloxía disponible) e a determinación pola Xunta das normas para que os proxectos das instalacións “minimicen o seu impacto sobre o contorno, a paisaxe, o ambiente e o patrimonio cultural” quedan borrados pola lei estatal.

- **A obrigatoriedade de uso compartido das instalacións polas administracións e operadoras pasa a ser asumido polo goberno do Estado,** tanto respecto ás condicións como á propia decisión de obrigatoriedade.

Así, no art. 32 da lei estatal, é o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo o que aproba por Real Decreto, previo trámite de audiencia aos operadores, con carácter xeral ou para casos concretos, a utilización compartida do dominio público ou a propiedade privada na que se van establecer as redes públicas de comunicacións electrónicas o uso compartido das infraestructuras e recursos asociados.

É tamén o Ministerio o que resolverá sobre a petición dunha Administración Pública (coma un Concello) sobre tal uso compartido.

- O art. 35.5 da nova lei estatal obriga a que previamente a medidas de paralización cautelar ou de denegación de instalación, por exemplo, dos concellos respecto de obras de infraestructura de telecomunicacións, teña que recabarse un informe preceptivo previo – e vinculante - do Ministerio; medida que vulnera a autonomía local.

O control público sobre as telecomunicacións é unha garantía democrática do dereito á información.

Coa nova lei estatal de telecomunicacións prímase o interese privado das grandes operadoras de telecomunicacións fronte ao interese común do control democrático das telecomunicacións e a costa da protección do medio ambiente, dos espazos históricos e da saúde das persoas.

Os concellos, administración máis próxima á cidadanía, perderán competencias nesta materia en beneficio dunha recentralización do Estado.

Polo exposto, propónse a adopción por parte do PLENO dos seguintes ACORDOS:

- A Corporación Municipal de Sober insta ao Goberno da Xunta de Galiza a presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Telecomunicacións pola invasión, baleirado e desapoderamento de competencias autonómicas propias.

- A Corporación Municipal de Sober acorda propoñer dentro da FEGAMP a presentación polo número de concellos requeridos dun conflito en defensa da autonomía local ante o Tribunal Constitucional contra a Lei de Telecomunicacións pola invasión, baleirado e desapoderamento de competencias municipais.

<http://www.farodevigo.es/portada-o-morrazo/2014/05/20/laura-ogando-presenta-mocion-nueva/1026510.html>

Faro de Vigo

Laura Ogando presenta una moción contra la nueva Ley de Telecomunicación

Redacción Bueu. 20.05.2014 | 07:45

La nueva Ley de Telecomunicaciones volverá a ser asunto de debate en el pleno de Bueu. La concejala no adscrita, Laura Ogando, presentó ayer una moción en la que se insta a la Xunta a presentar un recurso de inconstitucionalidad contra ese nuevo marco legislativo "pola invasión, baleirado e desapoderamento de competencias autonómicas". La moción requiere también la intervención de la Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) en defensa "da autonomía local".

La edil, ahora en Anova, alega que la reforma de la ley abre la puerta para que las empresas de telecomunicaciones coloquen sus infraestructuras "onde e cando quieran, tamén en espazos naturais protexidos ou en zonas históricas". Este nuevo marco legislativo supone liberalizar el sector gracias "á supresión ou limitación de controis administrativos e de protección ambiental ou urbanística para a súa autorización, posta en servizo ou modificación".

<http://www.elidealgallego.com/articulo/area-metropolitana/betanzos-bng-reclama-regule-colocacion-antenas-telecomunicacion/20140523003749189916.html>

EL IDEAL GALLEGO.COM

BETANZOS - El BNG reclama que se regule la colocación de antenas de telecomunicación

REDACCIÓN | Actualizado 23 Mayo 2014 - 00:37 h.

El BNG ha presentado una moción para que el gobierno local regule la colocación de antenas de telecomunicaciones en Betanzos. "É a segunda vez que temos que traer ao pleno esta moción, despois de que en decembro de 2012 o goberno aprobase unha iniciativa similar, tamén nosa, e logo non fixese absolutamente nada ao respecto", explica el portavoz del grupo nacionalista, Henrique del Río.

Esta vez, la formación frentista también solicitará al consistorio que inste a la Xunta y al Estado a revisar la nueva ley general de telecomunicaciones “que acaban de aprobar PP, PSOE e CiU, co voto en contra do BNG”.

Los nacionalistas lamentan “o descoido e falta de medidas de protección para a saúde e o medio ambiente” de la disposición, a pesar de las llamadas de atención de los organismos científicos, y mismo desde la ONU, “para aplicar o principio de precaución ante estes contaminantes ambientais alertándonos do seu risco potencial para a saúde das persoas, especialmente na infancia, a mocidade, as mulleres xestantes e outros grupos sensíbeis”, añadió Henrique del Río.

Interés general

Para el BNG, con PP, PSOE y CiU apostaron “descaradamente” por “desregular o público favorecendo o despregue de antenas de telecomunicacións para beneficio das empresas como único obxectivo, sen atender nin ao principio de precaución nin aos intereses xerais da saúde pública e protección do medio”, lamenta o voceiro do BNG.

Los nacionalistas apuntaron, en este sentido, a que en Betanzos “coñecemos moi ben” el resultado de que se desregule este problema, y recordaron como “o PSOE consentiu a construción, sen licenza, dunha antena na Lanza (San Martiño de Tiobre), como a veciñanza denunciou outra antena sen licenza de obras no lugar de Viraventos e como a presión veciñal e as xestións do BNG evitaron que se colocase unha antena no centro de Betanzos”.

http://www.todogrove.com/index.php?option=com_content&task=view&id=7822&Itemid=1

TODOGROVE.COM

O debate sobre o istmo de Lanzada chega este xoves ao pleno

martes, 27 de mayo de 2014

Despois de quedar fóra das últimas sesións, as intencións de Sanxenxo respecto da Lanzada serán finalmente debatidas este xoves pola corporación grovense a través dunha moción na que se reclamará ao Concello veciño que desista do seu obxectivo de reclamar a titularidade do istmo.

Texto: I. Rodríguez

Aínda que a moción que se someterá a debate na sesión convocada para este xoves ás 20.00 horas xa fóra presentada pola vía de urxencia hai un mes, finalmente foi preciso agardar ata este mes de maio para que o tripartito solicite ao pleno que amose o seu rexeitamento á vontade de Sanxenxo de revisar os lindes do seu municipio, dado que entende que A Lanzada lle pertence historicamente.

Máis aló desta polémica cuestión, o Goberno tamén someterá a votación unha modificación do cadro de persoal municipal e a adxudicación de postos vacantes no mercado municipal, así como unha modificación dos estatutos da Mancomunidade de Municipios do Salnés, á que obriga da lei de racionalización e sostibilidade da administración local.

Cinco mocións do BNG

Fóra destes asuntos, o gran protagonista da sesión será de novo **o concelleiro do BNG, Heladio Outeiro, que achega cinco mocións á orde do día.** Por unha banda, o edil nacionalista propondrá á corporación que se revise a facturación do consumo eléctrico municipal, e, por outra, presentará catro textos que abordan cuestións que van máis aló dos lindes municipais. Concretamente, reclamará a gratuidade dos libros de texto, a rebaixa das peaxes da AP-9 e o

traspaso da súa titularidade á Xunta, **pedirá un rexeitamento á lei xeral de telecomunicacións** e propondrá que o pleno pida a retirada do anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial.

<http://www.farodevigo.es/portada-o-morrazo/2014/06/27/mociones-centran-pleno-ordinario-hoy/1048726.html>


Faro de Vigo

Las mociones centran el pleno ordinario de hoy en Cangas, que se adelanta a las 19.00 horas

Todos los asuntos parten de la oposición

Redacción | Cangas 27.06.2014 | 02:26

Cangas celebra esta tarde el pleno ordinario de junio, que se adelanta a las siete de la tarde y que sólo incluye mociones en el orden del día y ningún asunto a iniciativa del grupo de gobierno. Alternativa Canguesa de Esquerdas (ACE) presenta mociones sobre las "disfuncións" en el área de urbanismo del Concello, en las que denuncia distintas varas de medir, y reclamando un referéndum para que la ciudadanía pueda decidir entre Monarquía y República como forma de Estado.



El BNG presenta tres mociones a debate. La primera coincide con la anterior de ACE y demanda "superar o modelo institucional do Estado español e recoñecer o dereito a decidir", y en las otras dos exige la gratuidad de los libros de texto **y rechaza la ley general de Telecomunicaciones**. También el grupo municipal del PSdeG-PSOE propone para el debate una moción relativa al "plan de apoio á alimentación infantil", último asunto incluido en el orden del día de la sesión.

<http://www.periodicobarrios.com/index.php/provincia/3424-o-bng-de-celanova-apoiara-o-arranxo-do-parque-das-trigueirizas-e-a-modernizacion-da-praza-de-abastos>

Periódico BARRIOS

O BNG de Celanova apoiará o arranxo do parque das Trigueirizas e á modernización da Praza de Abastos

Publicado: 30 Mayo 2014

No pleno do próximo 3 de xuño mostrarase favorable á modificación de crédito ao atender o grupo de goberno as alegacións nacionalistas.

O BNG presentara alegacións á modificación de crédito 26/2013, onde se pretendía destinar 378.788 euros a amortización de débeda bancaria. Unha vez atendidas as alegacións por parte do grupo de goberno, o BNG apoia a modificación de crédito 10/2014 na que, entre outros

temas, contémpense fondos para reparación e mellora do parque infantil das triguerizas e unha subvención para a mellora da accesibilidade e modernización da Praza de Abastos.

Logo de ter demendado vía moción, acompañada de máis dun cento de sinaturas da veciñanza, a reparación e mellora do parque infantil das Triguierizas, o BNG de Celanova manifestou a súa intención de apoiar a modificación de crédito que se presentou este 29 de maio na comisión informativa de Contas, Economía e Facenda e Réxime Interior polo grupo de goberno do concello para tal fin. A obra, valorada en 141.229,32 euros, é unha das demandas consideradas prioritarias pola veciñanza, pois o estado en que se atopa actualmente o parque supón “un grande risco para a integridade física das crianzas que a cotío queren disfrutar del”, apunta o portavoz Leopoldo Rodríguez Puga.

Outro dos puntos tratados na devandita comisión foi a da tramitación da solicitude dunha subvención para a mellora da accesibilidade e modernización da praza de abastos de Celanova, da que o Concello tería que aportar 50.000 euros. Tamén neste punto o BNG manifestou que apoiará a proposta “posto que é unha vella reivindicación do noso grupo que pretende que o arranxo e dinamización da Praza de Abastos sexa total”, di Rodríguez.

Outras mocións

O BNG rexistrou outras mocións para debater nese mesmo pleno do día 3 de xuño que inclúen solicitar a retirada do anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial; revisar a facturación do consumo eléctrico municipal; demandar a rebaixa do 21% de IVE que se aplica ao sector de salóns de peiteado; **rexear o proxecto de lei xeral de telecomunicacións**; realizar un plan de medidas de seguridade en espazos de alta concurrencia pública no concello de Celanova; demandar a execución do camiño de servizo do paso superior 16-9 da autovía AG 31; e denuncia o atraso na tramitación das novas axudas da RISGA.

<http://www.terraetempo.com/artigo.php?artigo=3504&seccion=4>

Revista Terra e Tempo

06-06-2014

Novo ataque centralizador ás competencias municipais e de Galiza

Lei Xeral de Telecomunicacións: Ao servizo das operadoras

RAÚL FERNÁNDEZ IGLESIAS

Coñecidos son os problemas xerados pola alarma social provocada pola instalación de antenas de telefonía móbil. Alarma social racional as veces e irracional outras, pero que é obriga da administración atender e satisfacer en ambos casos. Até o de agora as competencias municipais na concesión de licencias permitían racionalizar a instalación de acordo coas inxerencias veciñais. Con esta Lei a capacidade dun concello queda moi limitada, máis non así a súa responsabilidade diante da xente que acudirá ao seu municipio en busca de solucións entenda ou non a nova situación. A Administración Local, a máis próxima a todas e todos, terá que seguir apandando coa problemática, máis agora desprovista das ferramentas precisas.

Por outra banda vivimos un desenrolo das tecnoloxías da información e comunicación imparabile no que resulta obrigado propiciar un desenvolvemento das redes organizado e axeitado aos tempos. Non se nega pois a necesidade de legislar sobre este tema para asegurar a correcta cobertura duns servizos que se están a volver imprescindíbeis na época na que vivimos, pero o que non se pode facer é sucumbir as presións das operadoras e fixar as normas unicamente no seu beneficio e para favorecer a súa conta de resultados. Para colmo e seguindo a costume do que está a legislar o PP, lembremos a nefasta Lei de Reforma Local que

trae de cabeza a alcaldes e alcaldesas, secretarías/interventoras e secretarios/interventores dos concellos, o desenvolvemento desta Lei queda pendente de normativa por publicar, descoñecendo onde e cando sairá publicada. En concreto que afecten aos municipios quedan pendentes nada menos que oito reais decretos e dúas ordes. Este feito supón unha quebra de cabeza tremenda para a administración local que non sabe moi ben en que quedan as súas competencias e até onde poden chegar coas súas ordenanzas reguladoras.

Repasando o contido atopámonos no artigo 29, titulado dereito de ocupación da propiedade privada, no que se di que as operadoras terán dereito á ocupación da propiedade privada cando resulte estritamente necesaria para a instalación da rede. Como única garantía esta ocupación levarase a cabo tras a instrución e resolución do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. Importante puntualizar que no artigo 45 (infraestruturas comúns e redes de comunicacións electrónicas nos edificios) reconécese o dereito dos operadores a instalar os tramos finais das redes fixas NGA dentro dos edificios e no punto 45.4 fálase de que cando non sexa posible polos procedementos técnicos habituais poderá realizarse usando as fachadas dos edificios e mesmo as azoteas sen o permiso das propietarias e propietarios, onde poderán poñer as antenas que precisen.

O artigo 30 fala do dereito de ocupación do dominio público e establécese igualmente que os operadores terán dereito á ocupación deste na medida en que elo sexa necesario para o establecemento da rede pública de comunicacións electrónicas de que se trate.

Unha facultade que tiñan os concellos anteriormente como era a de obrigar á ubicación e uso compartido de estruturas na propiedade pública e privada queda reducido no artigo 32.2 a que isto solo será así por razóns de medio ambiente, saúde pública, seguridade pública u ordenación urbana e territorial motivadas ao Ministerio que será quen regule a imposición de ubicación compartida.

No artigo 34 de colaboración entre administracións públicas no despregamento das redes públicas de comunicacións electrónicas outorgase a estas o carácter de determinacións estruturantes polo que a súa instalación e despregamento constitúen obras de interese xeral. Así a administración queda obrigada a facer real unha oferta suficiente de lugares e espazos físicos nos que as operadoras “decidan” ubicar as súas infraestruturas, non podendo así mesmo impoñer solucións tecnolóxicas concretas, itinerarios ou ubicacións concretas. No 34.4 facúltase ás operadoras para facer despregamentos aéreos e por fachadas de cables e equipamento que constitúan redes públicas de comunicacións electrónicas e os seus recursos asociados, sempre, iso si, que non existan canalizacións ou non sexa posible o seu uso por razóns técnicas ou económicas. Felizmente exclúense deste proceso edificacións do patrimonio histórico-artístico ou que podan afectar á seguridade pública.

Establecese no artigo 34.6 que para o despregamento de redes radioeléctricas en dominio privado as que se refire a disposición adicional terceira da Lei 12/2012, substitúense as licencias por unha declaración responsable e para o resto de actuacións en dominio privado pódense substituír igualmente as licencias por esta declaración naqueles casos nos que o operador teña presentado un plan de despregamento e que este fora aprobado. Cando se realicen actuacións de innovación tecnolóxica ou adaptación técnica que supoñan a incorporación de novo equipamento ou a realización de emisións radioeléctricas en novas bandas de frecuencias ou con outras tecnoloxías non se requirirá ningún tipo de concesión, autorización ou licenza nova ou modificación da existente ou declaración responsable ou comunicación previa á administración competente por razón de ordenación do territorio, urbanismo ou mediambiente.

Non quedan aquí os cambios legislativos, mais queremos insistir no novo caos normativo que se introduce coa indefinición pendente de reais decretos e ordes por saír, insistir tamén na interferencia do Estado en competencias tanto municipais como galegas e por último salienta

que estamos de novo diante dunha Lei nin falada nin acordada cos axentes implicados e moi coñecedores da problemática e estado do sector. É preciso facilitar o despregamento das redes, si, máis hai que facelo con sentidido e coñecemento da realidade, non servindo aos intereses dun poderoso lobbie e os seus beneficios económicos, tense que poñer sempre por diante a saúde e a vida.

<http://pontevedraviva.com/opinion/1249/apdr-lei-telecomunicacions-opinion-defensora-pueblo/>

PontevedraViva.com

TRIBUNA VIVA

Lei Xeral de Telecomunicacións: A APDR e a PECCEM critican a "defensora del pueblo"

Jueves 28 de Agosto, 2014

Recentemente a Defensora del Pueblo [contestou negativamente](#) á petición de iniciar un recurso de inconstitucionalidade [solicitado](#) pola Asociación Pola Defensa da Ría ([APDR](#)) e a Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética ([PECCEM](#)) e apoiada por numerosos grupos e organizacións como os que conforman a propia [Federación Ecoloxista Galega](#).

Dende a APDR e a PECCEM consideramos esta resposta como mínimo partidista e contraditoria dando vía libre a unha lei que permite estender a rede de telefonía móbil 4G antes de garantir os límites e as medidas de precaución necesarias:

- *Por unha banda recoñece como "moi importante" o [Informe Bioinitiative](#) (revisión científica de máis de 3.800 estudos científicos que solicitan drásticos recortes dos límites de exposición ante as alteracións biolóxicas e os problemas de saúde asociados á contaminación electromagnética) e destaca que esta nova lei non contempla "as medidas de protección sanitaria, en especial para os colectivos máis sensíbeis" que se desprenderían da citada revisión científica.*

- Por outra banda a "Defensora del Pueblo", entre outras temas:

- Non encontra vulneración algunha do dereito da saúde nunha lei que non aplica as medidas de precaución como as xa solicitadas pola [Resolución 1815 da Asemblea parlamentaria do Consello de Europa](#) (2013) na liña recomendada pola [Axencia Europea de Medio Ambiente](#) dende 2007 e, a nivel galego, polo propio [Colexio de Biólogos de Galicia](#).
- Xustifica "que o lexislador procura atallar algunhas prácticas" para impedir o cumprimento dos límites de seguridades da normativa estatal (criticados actualmente por obsoletos e non garante da saúde), mutilando unha autonomía municipal e autonómica que poda ser quen de aplicar mellores medidas de protección da saúde como as recoñecidas en diferentes sentenzas do Tribunal Supremo.
- A "Defensora del Pueblo", na súa resposta, esquece que esta lei anula a avaliación ambiental ligada á licenza de actividade que agora deixa de ser potestade municipal, así como tamén esquece os múltiples contactos previos á aprobación da lei das organizacións do ámbito da Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética (como a APDR) a tódolos niveis (municipal, autonómico, estatal, grupos parlamentarios e municipais, ...)

PARABÉNS AOS GRUPOS DA OPOSICIÓN NO PARLAMENTO GALEGO

Desde a APDR e a PECCEM transmitimos os nosos parabéns aos grupos da oposición da Comisión de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do Parlamento de Galicia que [votaron](#) no mes de xullo [a favor das nosas achegas](#) nunha [proposición non de lei sobre a nova Lei Xeral de Telecomunicacións](#). Igualmente agradecemos a tódalas concelleiras e concelleiros a [presentación de mocións contra esta Lei](#) nas [catro provincias galegas](#).

Xulio Carmona, pola xunta directiva da APDR e a Coordinación galega da PECCEM

<http://www.diarioliberalde.org/galiza/institucional/50905-para-apdr-e-peccem-resposta-da-defensora-del-pueblo-sobre-lei-de-telecomunica%E7ons-%E9-partidista.html>

Diario Liberdade

Para APDR e PECCEM resposta da 'Defensora del Pueblo' sobre Lei de Telecomunicaçõs é partidista

29 Agosto 2014 07:35

Galiza - [APDR](#) - Recentemente a Defensora del Pueblo [contestou negativamente](#) á petición de iniciar un recurso de inconstitucionalidade [solicitado](#) pola Asociación Pola Defensa da Ría ([APDR](#)) e a Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética ([PECCEM](#)) e apoiada por numerosos grupos e organizacións como os que conforman a propia [Federación Ecoloxista Galega](#).

Dende a APDR e a PECCEM consideramos esta resposta como mínimo partidista e contraditoria dando vía libre a unha lei que permite estender a rede de telefonía móbil 4G antes de garantir os límites e as medidas de precaución necesarias:

- Por unha banda recoñece como “moi importante” o [Informe Bioinitiative](#) (revisión científica de máis de 3.800 estudos científicos que solicitan drásticos recortes dos límites de exposición ante as alteracións biolóxicas e os problemas de saúde asociados á contaminación electromagnética) e destaca que esta nova lei non contempla “as medidas de protección sanitaria, en especial para os colectivos máis sensíbeis” que se desprenderían da citada revisión científica.

- Por outra banda a “Defensora del Pueblo”, entre outras temas:

- Non encontra vulneración algunha do dereito da saúde nunha lei que non aplica as medidas de precaución como as xa solicitadas pola [Resolución 1815 da Asemblea parlamentaria do Consello de Europa](#) (2013) na liña recomendada pola [Axencia Europea de Medio Ambiente](#) dende 2007 e, a nivel galego, polo propio [Colexio de Biólogos de Galicia](#).
- Xustifica “que o lexislador procura atallar algunhas prácticas ...” para impedir o cumprimento dos límites de seguridades da normativa estatal (criticados actualmente por obsoletos e non garanten da saúde), mutilando unha autonomía municipal e autonómica que poda ser quen de aplicar mellores medidas de protección da saúde como as recoñecidas en diferentes sentenzas do Tribunal Supremo.
- A “Defensora del Pueblo”, na súa resposta, esquece que esta lei anula a **avaliación ambiental** ligada á licenza de actividade que agora deixa de ser potestade municipal, así como tamén esquece os múltiples contactos previos á aprobación da lei das organizacións do ámbito da Plataforma Estatal Contra a Contaminación

Electromagnética (como a APDR) a tódolos niveis (municipal, autonómico, estatal, grupos parlamentarios e municipais, ...)

PARABÉNS AOS GRUPOS DA OPOSICIÓN NO PARLAMENTO GALEGO

Desde a APDR e a PECCEM transmitimos os nosos parabéns aos grupos da oposición da Comisión de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do Parlamento de Galicia que [votaron](#) no mes de xullo [a favor das nosas achegas](#) nunha [proposición non de lei sobre a nova Lei Xeral de Telecomunicacións](#). Igualmente agradecemos a tódalas concelleiras e concelleiros a [presentación de mocións contra esta Lei](#) nas [catro provincias galegas](#).

<http://www.farodevigo.es/portada-pontevedra/2014/08/29/apdr-critica-investigue-red-telefonía/1083413.html>

Faro de Vigo

APDR critica que no se investigue si la red de telefonía móvil es segura

Redacción | Pontevedra | 29.08.2014 | 01:14

Defensa da Ría critica que la defensora del Pueblo haya contestado negativamente a iniciar un recurso de inconstitucionalidad contra la Ley de telecomunicaciones y que no se investigue la red de telefonía móvil 4G es segura para la salud.

http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Prensa/29.08.14%20DP_Pontevedra.pdf

Diário de Pontevedra, 29 de agosto de 2014.

La APDR critica que la Defensora del Pueblo avale la nueva ley de telefonía móvil

✉ ijglesias@diariopontevedra.es

PONTEVEDRA. La Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) y la Plataforma Estatal contra la Contaminación Electromagnética (PECCEM) consideran “partidista e contradictoria” la negativa de la Defensora del Pueblo, Soledad Becerril, a iniciar un recurso de inconstitucionalidad contra la nueva Ley General e telecomunicaciones. (revisión científica de más de 3.800 estudios que reflejan las alteraciones biológicas y los problemas de salud asociados a la contaminación acústica) y destaca que la nueva ley no contempla “las medidas de protección sanitaria, en especial para los colectivos más sensibles”. Sin embargo, critican que Becerril no encuentre en la ley vulneración del derecho de la salud y justifique que “el legislador intente atajar algunas prácticas” para impedir el cumplimiento de los límites de seguridad de la normativa estatal.

Para los colectivos APDR y PECCEM, que agradecen el apoyo de los grupos de la oposición en el Parlamento Galego, la defensora del Pueblo “esquece que a lei anula a avaliación ambiental ligada á licenza de actividade”

(*) RESUMO DE INTERVENCIÓNS MUNICIPAIS E AUTONÓMICAS A NIVEL GALEGO RELACIONADAS COA LEI XERAL DE TELECOMUNICACIÓNS

Parlamento de Galicia:

Proposición non de Lei do BNG:

<http://www.apdr.info/electrocontaminacion/plataforma/Plataforma%20Estatal/L.X.T/LXT.BNG.Parlamento.de.Galicia.16.04.014.pdf>

Iniciativa parlamentaria de AGE: <http://alternativagalega.com/nova-lei-de-telecomunicacions-prioriza-os-intereses-das-empresas-fronte-saude-das-persoas-ou-impacto-ambiental/>

Concellos:

Betanzos (A Coruña):

<http://www.bng-galiza.org/betanzos/2014/05/22/o-bng-reclama-que-betanzos-regule-a-colocacion-de-antenas-de-telecomunicacions/>

<http://www.elidealgallego.com/articulo/area-metropolitana/betanzos-bng-reclama-regule-colocacion-antenas-telecomunicacion/20140523003749189916.html>

Bueu (Pontevedra):

http://www.concellodebueu.org/src/actas/docs/54_1_Acta_Pleno_20.01.2014.pdf

<http://www.farodevigo.es/portada-o-morrazo/2014/05/20/laura-ogando-presenta-mocion-nueva/1026510.html>

Cangas (Pontevedra):

<http://www.farodevigo.es/portada-o-morrazo/2014/06/27/mociones-centran-pleno-ordinario-hoy/1048726.html>

Celanova (Ourense):

<http://www.periodicobarrios.com/index.php/provincia/3424-o-bng-de-celanova-apoiara-o-arranxo-do-parque-das-trigueirizas-e-a-modernizacion-da-praza-de-abastos>

Culleredo (A Coruña):

http://www.apdr.info/electrocontaminacion/plataforma/Plataforma%20Estatal/L.X.T/Moci%C3%B3n.BNG.Culleredo.contra.o.proxecto.de.Lei.Xeral.de.Telecomunicaci%C3%B3ns_APDR_PEC_CEM.pdf

Ferrol (A Coruña):

<http://www.ferrol360.es/eu-iu-presentara-una-mocion-contra-del-proyecto-de-ley-general-de-telecomunicaciones/>

O Grove (Pontevedra)

http://www.todogrove.com/index.php?option=com_content&task=view&id=7822&Itemid=1

Ourense:

<http://www.farodevigo.es/portada-ourense/2014/05/17/concello-autorizo-apertura-cinco-nuevas/1024937.html>

Poio (Pontevedra):

<http://www.farodevigo.es/portada-pontevedra/2014/04/18/bng-solicita-retire-proyecto-ley/1007690.html>

Pontevedra:

<http://www.farodevigo.es/portada-pontevedra/2014/05/02/pp-suma-bipartito-exigir-retirada/1015714.html>

<http://pontevedraviva.com/xeral/11928/louro-reprocha-ataque-autonomia-municipal-nueva-ley-telecomunicaciones/>

Sober (Lugo):

<http://sobernacionalista.blogspot.com.es/2014/05/contra-lei-de-telecomunicacions-que.html>

* Ver mocións e propostas presentadas noutras comunidades autónomas:

http://www.apdr.info/electrocontaminacion/plataforma/Plataforma%20Estatal/L.X.T/Mociones_solicitadas.doc